

BESTEIRO APOIA NO CORGO A CANDIDATURA DE JAVIER CERQUEIRO E ERIXE AOS SOCIALISTAS "COMO A ÚNICA ALTERNATIVA REAL DE GOBERNO NO CONCELLO, TEÑEN EXPERIENCIA PARA FACELO"

"Temos unha lista completamente renovada e preparada, O Corgo ten que ser un municipio dinámico que ofrezca futuro e ilusión aos seus veciños" destacou Cerqueiro

O Corgo, 8 de maio de 2015. O secretario xeral dos socialistas galegos, José Ramón Gómez Besteiro, participou esta noite no Corgo nun acto coa lista do PSdeG liderada por Javier Cerqueiro, "un candidato e un equipo que son a única alternativa real de goberno neste concello, teñen preparación e experiencia para facelo".

Besteiro lembrou que Cerqueiro "foi unha das persoas máis importantes no meu equipo e conta coa miña total confianza e apoio", e acreditou a súa valía. "Na nosa etapa de xestión na Deputación de Lugo, Javier demostrou a súa capacidade de xestión, coordinación e liderado, realizando sempre un traballo rigoroso e de calidade", manifestou o líder do PSdeG, que engadiu que "necesitamos socialistas como Cerqueiro; profesionais que busquen o ben común e que gobernen cos veciños e para os veciños".

"Temos unha lista completamente renovada e preparada, O Corgo ten que ser un municipio dinámico que ofrezca futuro e ilusión aos seus veciños" destacou Cerqueiro, que se presenta a estas eleccións "para facer do Corgo un Concello dinámico, que lidere proxectos socio-económicos que ofrezan futuro e ilusión aos meus veciños, aproveitando tamén as oportunidades de estar tan preto da capital da provincia".

Dentro dos retos que afronta nesta nova etapa, o candidato socialista aposta por dotar ó Concello "de novos servizos e recursos" para que deixe de ser "un lugar de paso". Do mesmo xeito, Cerqueiro afirmou que "é necesario facer unha remodelación integral do Concello e dotalo dun núcleo forte e con servizos, co fin de facilitarlle o día a día ás miñas veciñas e veciños".

Saúdos, Comunicación PSdeG

